



Guía Docente

Datos Identificativos					2011/12
Asignatura (*)	Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables		Código	652G03022	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es		
Profesorado	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>A pobreza, a marxinación, a vulnerabilidade e a exclusión son aspectos inherentes aos modelos de organización política, económica e social contemporáneos. Estas realidades supoñen formas de vida singularizadas pola precariedade económica, a falta de oportunidades ou desigualdade no acceso a mellores condicións de vida ou ben a privación de dereitos, aspectos que dificultan a realización persoal e social.</p> <p>É unha finalidade da Educación Social visibilizar estas realidades, promover a toma de conciencia sobre o funcionamento da sociedade actual e actuar en consecuencia desde unha posición crítica, de forma que se desenvolvan procesos encamiñados á emancipación das persoas, ao seu fortalecemento como suxeitos de dereitos, á súa integración e participación social, así como á transformación das sociedades, para que se tornen máis xustas.</p> <p>Con esta idea, na materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables, partiremos dun achegamento aos referentes teórico-conceptuais que permitan comprender e explicar as situacións de vulnerabilidade e exclusión social, contextualizadas no marco socioeconómico e político máis amplo, así como discernir os factores e as fases presentes nos procesos e traxectorias vitais que conducen a estas situacións.</p> <p>Así mesmo, é importante coñecer o marco legal e institucional que lexitima e (de)limita a intervención socioeducativa para a prevención, protección e inclusión de minorías e colectivos vulnerables. Achegarémonos a diferentes contextos e realidades de exclusión social e ás propostas socioeducativas, que, en forma de programas, proxectos, recursos, redes? tratan de promover a inclusión social. Unha aproximación que nos permita poñer en cuestión e valorar a súa pertinencia en termos pedagóxicos e sociais.</p> <p>Finalmente, interésanos coñecer os roles e funcións que ocupa o/a educador/a social nos diferentes programas, recursos ou institucións.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.	A1		
Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.	A2		
Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.	A3		
Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.	A5		
Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención	A13		
Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.	A14		
Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.	A20		
Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.	A21		
Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.		B1	



Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.		B2	
Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.		B3	
Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.		B4	
Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.		B5	
Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.		B6	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Referentes teórico-conceptuais dos procesos de vulnerabilidade e exclusión social	1.1 Precisións terminolóxicas: exclusión, marxinação, vulnerabilidade, minoría, normalidade, integración. 1.2 Estado de benestar: necesidades, dereitos e pobrezas. 1.3 Exclusión e globalización: cuarto mundo. 1.4 Os procesos de exclusión e inclusión social: fases, dimensións, ámbitos e factores.
2. Políticas e prácticas socioeducativas de prevención e inclusión social	2.1. Marco normativo e medidas institucionais para a promoción e protección das minorías e colectivos vulnerables. 2.2. Principios e directrices da acción socioeducativa. 2.3. A prevención de situacións de vulnerabilidade e exclusión social. 2.4. Proxectos e itinerarios de inclusión sociolaboral. 2.5. Tecendo redes no marco da complexidade.
3. Das realidades aos programas, proxectos e recursos socioeducativos de intervención con minorías e colectivos vulnerables	3.1. Senfogarismo 3.2. Drogodependencias 3.3. Prostitución 3.4. Prisión 3.5 Outras realidades: inmigracións, discapacidades,...

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	10	20	30
Discusión dirixida	6	6	12
Estudo de casos	3	10	13
Traballos tutelados	0	25	25
Presentación oral	3	5	8
Portafolios do alumno	8	11	19
Sesión maxistral	13	10	23
Proba mixta	0	10	10



Eventos científicos e/ou divulgativos	2	5	7
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Utilización de documentos audiovisuais e bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, novas de actualidade, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para afondar nos diferentes núcleos temáticos da materia, a través de actividades especificamente deseñadas: mapa conceptual, recensión, análise de casos, discusión dirixida...
Discusión dirixida	En base a lecturas previas de carácter obrigatorio, a través das que recoller diferentes argumentacións sobre unha temática, promoverase o debate e contraste de opinións fundamentadas, coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.
Estudo de casos	Consiste na procura e/ou achegamento dunha serie de casos ou experiencias educativas para o seu estudo, análise e discusión á luz dos referentes teóricos da materia.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela e seguimento por parte da/o docente. Tendo como referencia os contidos e a bibliografía da materia, e coas orientacións que a profesora estime oportunas, realizarase en grupo (4-5 persoas) un estudo sobre un colectivo en situación de vulnerabilidade ou exclusión social. Contemplará: un apartado de fundamentación teórica e legal; a análise dunha experiencia, programa, proxecto... socioeducativo para favorecer a inclusión social do colectivo; e un apartado de propostas de mellora. Preténdese fomentar a capacidade reflexiva e argumentativa arredor das problemáticas de vulnerabilidade e exclusión social, dende unha perspectiva crítica e complexa. Será preciso desenvolver, como mínimo, dúas sesións de titoría nas que presentar o guión do traballo e facer o seguimento do mesmo. As datas serán acordadas na aula. Ademais de ser incluído no cartafol, cada grupo expoñerá nunha sesión interactiva, o seu traballo, co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoración.
Presentación oral	Exposicións de traballos realizados tanto de xeito individual como colectivo, diante do grupo de referencia, procurando tirar algunhas conclusións sobre o problema de investigación, documento ou experiencia abordada.
Portafolios do alumno	Dossier ordeado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollen os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Realizarase a nivel grupal (entre 4-5 integrantes) e incluíranse aquelas actividades indicadas pola/o docente, referentes tanto ás sesións expositivas como interactivas, e que poden abranguer: notas de clase, mapas conceptuais, glosarios, recensións de fontes documentais, resumo de eventos científicos e/ou divulgativos... De cada actividade recollerase ademais unha valoración sobre a práctica desenvolvida (contidos abordados, competencias adquiridas, metodoloxía aplicada...). Así mesmo, presentarase ao final unha autoavaliación individual do proceso de aprendizaxe, das competencias adquiridas, do grao de participación e implicación... O cartafol é froito do traballo tutelado e continuo en torno aos diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado ?previo e posterior?, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada da profesora, na aula e no horario de titorías.
Sesión maxistral	Exposición oral por parte da docente, complementada co uso dos recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e a introdución de preguntas dirixidas ao alumnado. A finalidade é transmitir coñecementos, facilitar a aprendizaxe, promover o debate, identificar prexuízos, ter en conta as contribucións do alumnado, e potenciar a súa participación na construción significativa do coñecemento.
Proba mixta	Metodoloxía de avaliación da aprendizaxe. Integrará preguntas de tipo ensaio ou abertas de desenvolvemento, e preguntas de tipo obxectivo. Nas primeiras valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. En canto ás obxectivas, presentarase preguntas de resposta breve.



Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>Actividades realizadas polo alumnado que implican la asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de afondar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Destinarase un tempo nas sesións expositivas para informar ?por parte da/o docente e do alumnado? dos eventos de interese para a materia que acontezan durante o cuadrimestre. A participación neste tipo de actividades será recollida no cartafol.</p> <p>En función das posibilidades, presentaranse na aula experiencias no ámbito da acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables, e, se planificarán visitas a institucións/organismos... que traballen con estes colectivos, para a súa posterior análise e discusión.</p>
---------------------------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Presentación oral Traballos tutelados Portafolios do alumno	<p>Para o desenvolvemento do traballo tutelado, para a súa presentación oral e para a realización do portafolios (no que se integrarán diversas prácticas desenvolvidas nas sesións expositivas e interactivas), será preciso acudir, como mínimo, a dúas sesións de titoría, nas que facer o seguimento por parte da docente. Estas sesións serán indicadas na aula.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Presentación oral	<p>A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo en tódolos casos.</p> <p>Valorarase: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; o nivel de profundidade na abordaxe da temática que amose a súa comprensión; a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); o uso de recursos...</p>	5
Traballos tutelados	<p>Valorarase especialmente: a coherencia interna; a profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros.</p>	30
Portafolios do alumno	<p>Dossier ordeado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollerán os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Recolleranse, como mínimo, o rexistro dunha sesión expositiva (mapa conceptual, glosario, reflexión grupal sobre os contidos...) e de tres prácticas de sesións interactivas (discusión dirixida, análise de fontes documentais, presentación oral, estudo de caso...), e unha autoavaliación individual en relación ás aprendizaxes e competencias desenvolvidas na materia, o grao de implicación persoal nas actividades e traballos grupais...</p> <p>Na cualificación do cartafol, contéplase o traballo final (15 pto.) e a asistencia a clase (10 pto.).</p> <p>Valorarase a capacidade reflexiva en relación á propia aprendizaxe; a evolución da aprendizaxe reflectida nas prácticas recollidas en relación ao grao de profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros.</p>	25
Proba mixta	<p>Integrará preguntas de tipo ensaio ou abertas de desenvolvemento, e preguntas de tipo obxectivo. Nas primeiras valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. En canto ás obxectivas, valorarase a rigorosidade, claridade e concisión.</p>	40

Observacións avaliación



1.- Para superar a materia é imprescindible ter superadas todas e cada unha das actividades de avaliación. En caso contrario a cualificación será de suspenso. Gardaranse as partes aprobadas durante a convocatoria anual.2.- A asistencia e participación activa e esixente nas dinámicas de aula serán consideradas de forma positiva no proceso de avaliación.3.- Calquera circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada á docente para a súa oportuna e axeitada consideración. Para o alumnado que, por razóns debidamente acreditadas, non teña unha asistencia sistemática, e das/os que a docente deberá ter coñecemento ao comezo do cuadrimestre, establécense os seguintes criterios de avaliación:

@font-face {

font-family: "Arial";

}@font-face {

font-family: "Cambria";

}p.MsoNormal, li.MsoNormal, div.MsoNormal { margin: 0cm 0cm 0.0001pt; font-size: 12pt; font-family: "Times New Roman"; }div.Section1 { page:

Section1; }- Recensión e exposición oral dun dos libros da bibliografía básica, que deberá ser acordado coa profesora a inicios de curso para a

convocatoria de xaneiro, e a inicios do segundo cuadrimestre para a convocatoria de xullo (30%).

- Proba de ensaio nos mesmos termos que o alumnado asistente (70%).

4.- Para acollerse á modalidade presencial, cómpre ter unha asistencia mínima do 85%.

@font-face {

font-family: "Arial";

}@font-face {

font-family: "Courier New";

}@font-face {

font-family: "Wingdings";

}@font-face {

font-family: "Cambria";

}p.MsoNormal, li.MsoNormal, div.MsoNormal { margin: 0cm 0cm 0.0001pt; font-size: 12pt; font-family: "Times New Roman"; }p.MsoListParagraph,

li.MsoListParagraph, div.MsoListParagraph { margin: 0cm 0cm 0.0001pt 36pt; font-size: 12pt; font-family: "Times New Roman";

}p.MsoListParagraphCxSpFirst, li.MsoListParagraphCxSpFirst, div.MsoListParagraphCxSpFirst { margin: 0cm 0cm 0.0001pt 36pt; font-size: 12pt;

font-family: "Times New Roman"; }p.MsoListParagraphCxSpMiddle, li.MsoListParagraphCxSpMiddle, div.MsoListParagraphCxSpMiddle { margin: 0cm

0cm 0.0001pt 36pt; font-size: 12pt; font-family: "Times New Roman"; }p.MsoListParagraphCxSpLast, li.MsoListParagraphCxSpLast,

div.MsoListParagraphCxSpLast { margin: 0cm 0cm 0.0001pt 36pt; font-size: 12pt; font-family: "Times New Roman"; }div.Section1 { page: Section1; }ol

{ margin-bottom: 0cm; }ul { margin-bottom: 0cm; }

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Orientación ocupacional/652G03021

Materias que continúan o temario

Pedagogía social/652G03006

Educación multicultural/652G03013

Intervención en contextos familiares de risco/652G03015

Servizos sociais e benestar social/652G03014

Educación de menores en desprotección e conflito social/652G03016

Observacións



É obrigatoria a entrega da ficha de identificación persoal para todo o alumnado antes do 1 de outubro do ano en curso. Non se admitirán traballos dos que o profesor/a non teña constancia da súa realización. Os traballos, tanto en formato impreso coma dixital, presentaranse ben identificados (nome do alumno/alumna, curso, grupo, materia e nome do profesor/profesora). É aconsellable facer copia do orixinal que se entrega.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías